



## **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DO CONCELLO DE O PORRIÑO**

### **1.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é a regulación dos diferentes aspectos do Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño, que se desenvolverá en conformidade coa condición deste municipio como concello colaborador co Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro, segundo notificación de data. En concreto, as bases regularán os seguintes aspectos:

- Procedemento de solicitude de alta no rexistro municipal de demandantes de vivendas baleiras.
- Procedemento de inclusión dunha vivenda no Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño.
- Procedemento de adxudicación e formalización do alugueiro.

O Programa de Vivendas Baleiras do Concello de O Porriño desenvolverase de acordo coa Resolución de 12 de febreiro de 2024 polo que se regula o Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro en concellos, do Instituto Galego da Vivenda e Solo (código de procedemento VI426E).

### **2.- REQUISITOS PARA AS PERSOAS/UNIDADES FAMILIARES POTENCIAIS ARRENDATARIAS**

1. Permitirase unha solicitude por cada unidade de convivencia. Para a determinación do concepto de unidade de convivencia atenderase ao contemplado no artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro (conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou por acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao e primeiro grao, respectivamente).
2. Tendo en conta o anterior, poderán ser arrendatarias das vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño as persoas físicas, maiores de idade, que reúnan os seguintes requisitos:
  - a. Estar empadroadas no Concello de O Porriño á data de solicitude. No caso de unidades familiares de máis dun membro, este requisito limitarase á persoa titular do expediente de solicitude.
  - b. Que a unidade de convivencia teña uns ingresos comprendidos entre 0,7 e 1,5 veces o Iprem, circunstancia que debe quedar suficientemente acreditada no expediente de solicitude, dacordo ao apartado 3 das presentes bases. Non entanto poderá exceptuarse este requisito, atendendo ao contemplado nos artigos 21 e 22 da Resolución de 12 de febreiro de 2024 polo que se regula o Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro en concellos, do Instituto Galego da Vivenda e Solo e ao contemplado no apartado 3 destas bases reguladoras.
  - c. Contar coa credencial vixente de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, como demandantes, en réxime de alugueiro, ben de vivendas de protección autonómica (VPA), de réxime especial ou xeral e/ou ben de vivendas de promoción pública (VPP). A documentación necesaria para acreditación da devandita credencial deberá ser entregada pola persoa interesada na vivenda, ao concello do Porriño antes da formalización do contrato de alugueiro. Non entanto poderá exceptuarse este requisito, atendendo ao contemplado nos artigos 21 e 22 da Resolución de 12 de febreiro de 2024 polo que se regula o Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro en concellos, do Instituto Galego da Vivenda e Solo





#### Concello do Porriño

- d. Que a renda da vivenda a alugar non sexa superior ao 30% dos ingresos da unidade de convivencia.
- e. Atoparse nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda en aluguer, dacordo ao informe social que achegará o departamento de servicios sociais comunitarios básicos do concello de O Porriño.
- f. Estar inscrita no rexistro municipal como persoa demandante de vivenda
- g. Destinar a vivenda que se pretende alugar a residencia habitual e permanente durante todo o tempo da duración do contrato.
- h. Ningunha persoa membro da unidade de convivencia poderá ter vínculo de parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa arrendadora. Este criterio manterase con respecto de todos os membros da parte arrendadora no caso de que esta sexa unha persoa xurídica.
- i. Nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia teña no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou en usufruto. Para estes efectos, non se considerará que posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e foi obtido por herdanza ou transmisión *mortis causa* sen testamento. Exceptuaranse deste requisito as persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación, divorcio ou por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte insuficiente ou inadecuada por razóns de habitabilidade e/ou mobilidade, e no suposto das vítimas de violencia de xénero, ademais, cando a ocupación da vivenda que ten en propiedade ou usufruto sexa incompatible coa dita situación de violencia de xénero.

Para os efectos anteriores, considerarase:

- Vivenda insuficiente, aquela en que a cada ocupante lle correspondan menos de dez metros cadrados de superficie útil. Non se computará, para estes efectos, a correspondente a baños, corredores e tendais.
- Vivenda inadecuada por razóns de habitabilidade, aquela que se encontre en situación legal de ruína, así como aqueloutra que teña deficiencias que afecten de forma notoria a súa habitabilidade.
- Vivenda inadecuada por razóns de mobilidade, aquela que pola súa configuración arquitectónica e/ou accesos implique unha grave perda de funcionalidade para unha persoa con mobilidade reducida

### **3.- DETERMINACIÓN, PONDERACIÓN E EXCEPCIONALIDADE DE INGRESOS**

1. Os ingresos da unidade de convivencia determinaranse calculando o prorrateo mensual dos ingresos netos correspondentes a cada un dos seus membros durante os 3 meses anteriores ao da presentación da solicitude.
2. Aos ingresos determinados conforme ao anterior se lle aplicará, en función do número de membros da unidade de convivencia, o coeficiente multiplicador correcto seguinte:
  - Familias dun membro: 1,00.
  - Familias de dous membros: 0,90.
  - Familias de tres membros: 0,80.
  - Familias de catro membros: 0,75.
  - Familias de 5 ou mais membros: 0,70.
3. Con carácter excepcional, poderá darse de alta no rexistro que, a efectos do programa, debe levar a cabo o concello, a aquelas persoas maiores de idade con unidades de convivencia que non cumpran os requisitos mínimos de ingresos establecidos no Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño. No expediente do concello relativo á contratación da vivenda deberá quedar acreditado que a unidade de convivencia da persoa





#### Concello do Porriño

solicitante percibe uns ingresos que lle permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de alugueiro.

4. Nos supostos anteriores, o concello deberá remitir á Comisión de Seguimento e Coordinación a solicitude da persoa que se atopa nesa situación, a efectos de que a citada comisión valore a situación persoal e económica da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia co fin de propor, no seu caso, as axudas que estime pertinentes, co obxecto de garantir o pago da renda.

### **4.- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DAS POSIBLES PERSOAS ARRENDATARIAS AO PROGRAMA**

1. O concello de O Porriño, nos termos da normativa vixente, creará un rexistro de persoas potenciais arrendatarias a través do Programa de Vivendas Baleiras.
2. Todas as persoas que queiran formar parte do rexistro mencionado no apartado anterior, o solicitarán mediante o formulario formalizado no ANEXO I destas bases. Permitirase unha única solicitude por unidade de convivencia, que será presentada a través das oficinas de rexistro municipal ou pola vía telemática adoitada a tal fin dentro da sede electrónica municipal, sendo admisibles o resto das posibilidades recollidas na normativa legal de referencia.
3. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:
  - a. Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso dos fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do libro de familia ou documentación que o substitúa; e no caso do estranxeiros NIE.
  - b. Acreditación do empadramento no concello de O Porriño.
  - c. Acreditación, de xeito inequívoco e por todos os medios que sexan precisos, dos ingresos de todos os membros da unidade de convivencia dos 3 meses inmediatamente anteriores á data de solicitude.
  - d. Declaración xurada de non ter, a persoa solicitante e ningún outro membro da súa unidade de convivencia, unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso ou disfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional. O concello de O Porriño reservase a potestade de comprobar este extremo mediante o oportuno requirimento ao interesado, se se considerase necesario.
4. Unha vez comprobados os requisitos da solicitude, por resolución de Alcaldía acordarase a inclusión da persoa solicitante no rexistro de persoas potenciais arrendatarias a través do Programa de Vivendas Baleiras, figurando nela os seguintes extremos:
  - a. Identificación da persoa potencialmente arrendataria.
  - b. número de persoas da súa unidade de convivencia e a súa identificación.
  - c. A orde que ocupa no rexistro de persoas potenciais arrendatarias no intre de que se lle achegue a resolución.
5. As persoas potencialmente arrendatarias que figuren inscritas no rexistro estarán obrigadas a comunicar calquera variación dos seus datos que poidan influír na súa permanencia no mesmo.

### **5.- REQUISITOS DAS VIVENDAS**

Para a súa incorporación ao programa, as vivendas deberán cumprir necesariamente os seguintes requisitos:

1. Ser de titularidade privada e non estar suxeitas a ningún réxime de protección pública.
2. Non estar afectadas por ningunha circunstancia xurídica que impida o seu alugueiro.
3. Ofertarse en alugueiro pola renda que non supere os límites establecidos na normativa de referencia en vigor durante a vixencia do Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño, incluídos o garaxe e o rocho.
4. Reunir as condicións adecuadas de habitabilidade e mantemento.





#### Concello do Porriño

5. As vivendas poderán dispor, ou non, de mobiliario propio, pero en todo caso deberán dispoñer, alo menos, de cociña amoblada e equipada con cociña, vertedoiro, lavadora, neveira e campá extractora, así como dun baño con inodoro, lavabo e ducha ou bañeira, todo en perfecto estado de funcionamento.
6. Estar desocupadas e ser susceptibles de uso, alo menos, dende o intre da solicitude de incorporación ao programa. Exceptúase deste requisito aquelas vivendas que por imperiosa necesidade de emerxencia social, segundo valoración do departamento de servizos sociais comunitarios básicos do concello de O Porriño, estean xa ocupadas.
7. Estar de alta nas subministracións básicas (auga, lixo, gas e/ou electricidade) ou susceptible de estalo no intre da formalización do contrato de arrendamento e estar ao día no pagamento dos correspondentes recibos.
8. Non se admitirán vivendas que non reúnan as condicións sinaladas neste artigo. Tampouco aquelas nas que, polo criterio do concello de O Porriño, concorran algunha das seguintes situacións:
  - Ter un entorno que as faga dificilmente alugables debido a súa situación, ás súas características ou as condicións de accesibilidade da vivenda ou do edificio ao que pertenza.
  - Cando para reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade sexa necesario a realización e obras que requiran dun prazo de execución estimado superior a tres meses, de acordo ao informe técnico elaborado polo departamento de Urbanismo do Concello de O Porriño, contemplado no artigo 8.4 destas bases reguladoras.

### **6.- POSTA A DISPOSICIÓN E COMPROMISO DE PERMANENCIA DAS VIVENDAS**

1. As vivendas susceptibles de ser alugadas a través do Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño serán ofertadas de xeito voluntario polas súas persoas propietarias ou seus lexítimos representantes, incluídos terceiros habilitados legalmente como intermediarios. A solicitude de incorporación da vivenda deberá ser presentada pola persoa que acredite, mediante declaración responsable, a súa dispoñibilidade, e que está desocupada e que é susceptible de uso, alo menos, dende o momento da solicitude de incorporación ao programa. Non entanto, naquelas situacións de imperiosa necesidade de emerxencia social, segundo valoración do departamento municipal de Benestar Social do Concello de O Porriño, con respecto ás vivendas que xa estean ocupadas, a persoa interesada na incorporación deberá facer constar tales circunstancias na correspondente solicitude.
2. A posta a disposición implicará o compromiso de arrendar a vivenda no marco do Programa por un prezo non superior ao fixado no apartado 5.3 destas bases, excluídas as cantidades correspondentes ao imposto de bens inmobles e a cota mensual da comunidade de veciños, no caso de que exista.
3. A duración da posta a disposición das vivendas de titularidade privada será de cinco anos, non superando en ningún caso o 31 de decembro de 2025, contando a partir da data de formalización da posta a disposición da vivenda dentro do Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño.
4. Unha vez que o Concello de O Porriño considere que a vivenda reúne os requisitos para o seu alugueiro, procederá a dar de alta na plataforma informática habilitada, cunha descrición da vivenda na que figure, aló menos, os datos relativos á superficie, zona, principais características, renda máxima, fotografías e datos de contacto do Concello de O Porriño.

### **7.- GARANTIAS DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS**

1. Programa de Vivendas Baleiras do Concello de O Porriño, nos termos establecidos na Resolución de 12 de febreiro de 2024 garantirá:





- Ás persoas arrendatarias das vivendas incluídas no mesmo a cobertura dun seguro para o abono das rendas faltas de pagamento, así como un seguro para a reparación dos danos que se ocasionen nas vivendas durante a súa vixencia, sempre que non sexan consecuencia dun deterioro polo uso ou polo paso do tempo.
- A asistencia letrada xurídica necesaria para atender os problemas que poidan xurdir durante a vixencia dos contratos de alugueiro, así como no intre da súa resolución, ademais das situacións de precario que se poidan derivar destes contratos.

2. Para darlle cumprimento ao anterior:

- Calquera incidencia no pago da renda deberá ser comunicada inmediatamente pola persoa propietaria á compañía de seguros que de cobertura á falta de pagamento das rendas, así como ao concello.
- A persoa inquilina e/ou propietaria da vivenda deberán comunicar a compañía de riscos no fogar calquera incidencia producida na vivenda, tan pronto como teñan coñecemento dela. No caso de que as incidencias producidas puideran supoñer a necesidade de baixa temporal da vivenda pola súa gravidade, tamén darán comunicación ao concello, para que se poidan avaliar as medidas a adoptar.

## **8.- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DO CONCELLO DE O PORRIÑO**

1. O prazo de presentacións de solicitudes estará aberto todo ano, podendo ser formalizadas como data máxima ata o 31 de decembro de 2025.
2. A solicitude para a incorporación de vivendas será dirixida ao concello de O Porriño segundo o modelo normalizado que figura no ANEXO II destas bases, a través das oficinas de rexistro municipal ou pola vía telemática adoitada a tal fin dentro da sede electrónica municipal, sendo admisibles o resto das posibilidades recollidas na normativa legal de referencia.
3. Xunto coas solicitudes deberá presentarse a seguinte documentación:
  - a. NIF da persoa propietaria ou titular da vivenda, ou quen dispoña dun título xurídico para efectuar o contrato de arrendamento.
  - b. Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas, expedida polo Rexistro da Propiedade.
  - c. Medio normalizado que permita a identificación inequívoca da vivenda (último recibo do Imposto de Bens Inmóveis, certificación da referencia catastral. No caso de existiren garaxe e rocho cunha referencia catastral diferente, tamén será necesario aportar a súa identificación nos mesmos termos que para os da vivenda.
  - d. Descrición da vivenda e inventario do seu contido.
  - e. Declaración responsable de que non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou á súa titularidade.
  - f. Declaración responsable de que a vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e que carece de limitacións por razón de legalidade urbanística; así como de que a vivenda está desocupada e susceptible de uso.
  - g. Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz, gas e lixo.
  - h. Declaración responsable do compromiso de poñer a disposición do Concello a vivenda durante a vixencia do programa.
4. Presentada a solicitude e comprobada a documentación achegada, será preceptiva a emisión dun informe da inspección que o persoal do departamento municipal de Urbanismo efectuará sobre a vivenda solicitante. O informe deberá dar conta das condicións de habitabilidade e idoneidade da vivenda para o seu arrendamento e, de ser o caso, especificará as obras ou reformas que se precisan para considerar idónea a vivenda. Tamén incluírá o número máximo de persoas que poden residir na vivenda.





Concello do Porriño

5. Unha vez que se conte co informe positivo da inspección realizada segundo os termos do apartado anterior e revisada a documentación, elevarase á Alcaldía a proposta de incorporación da vivenda ao Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño para que resolva o procedente e esta resolución notificarase á persoa titular da vivenda e ao IGVS nos termos que se determinan normativamente.

## **9.- EXCLUSIÓN DA VIVENDA E/OU DAS PERSOAS ARRENDADORAS NO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DO CONCELLO DE O PORRIÑO E DO SEU REXISTRO**

1. Deixará de ter as coberturas e garantías do Programa de Vivendas Baleiras aqueles contratos de arrendamento nos que a persoa arrendadora deixe de cumprir algunha das obrigas que lle impón o ordenamento xurídico e, en especial, a obriga de depositar no IGVS, dentro do prazo legal, a fianza percibida pola persoa arrendataria.
2. A exclusión das coberturas e garantías dará lugar ao reintegro por parte da persoa arrendadora do importe das primas de seguro pagadas polo IGVS ás compañías aseguradoras na anualidade na que se houbera producido o incumprimento.
3. A resolución pola que se acorda a exclusión das coberturas e garantías será emitida segundo no recollido na normativa de referencia e impedirá a formalización de novos contratos de arrendamento da vivenda ao abeiro do Programa.
4. Así mesmo, nos termos contemplados na normativa de referencia, as persoas arrendatarias poderán ser excluídas do Programa de Vivendas Baleiras logo de que teñan incumplido as obrigas que impón o ordenamento xurídico.
5. Serán causa de baixa no rexistro de demandantes as seguintes:
  - a) Deixar de cumprir os requisitos establecidos nestas bases.
  - b) Ter renunciado por dúas veces a vivendas adxudicadas ao abeiro deste programa. Non se poderán volver a anotar ata que transcorra un ano desde a data da última renuncia. Para ditos efectos, non se terán en conta as renunciacións nas que concurra algunha das causas xustificadas como que a vivenda está situada nunha zona alonxada do entorno familiar, laboral ou asistencial, sempre que quede suficientemente acreditada a especial dificultade que iso superior para a vida cotiá da unidade familiar ou de convivencia.
  - c) Non ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a subscripción do contrato de arrendamento, salvo causa de forza maior.
  - d) Ter resolto o contrato formalizado ao amparo do programa de vivendas baleiras por falta de pago do arrendamento da vivenda ou por calquera outra causa imputable á arrendataria. Nestes supostos, non se poderán volver a anotar no Rexistro ata que transcorra 1 ano desde a data de desocupación ou desaloxo da vivenda incorporada ao Programa.
  - e) A celebración dun contrato de arrendamento ao abeiro do Programa de vivendas baleiras producirá a baixa automática no rexistro.

## **10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS**

1. Con carácter xeral, a adxudicación das vivendas realizarase entre as solicitudes das persoas arrendatarias, por orde de antigüidade no rexistro de persoas potencialmente arrendatarias a través do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de O Porriño. Non entanto, este criterio poderá ter as seguintes excepcións:
  - Que a vivenda non sexa idónea para ser arrendada pola primeira persoa que figure no rexistro, en atención ao número de persoas que figuren no informe técnico elaborado polo departamento municipal de Urbanismo.
  - Que exista una situación de especial emerxencia social, motivada por informe-proposta do departamento municipal de servizos sociais comunitarios básicos que deberá ser xuntado ao expediente da persoa potencial arrendadora, que motive a necesidade de contar cunha alternativa habitacional e polo tanto de obviar a orde do rexistro.
2. Unha vez que se conte cunha vivenda posible, o persoal técnico do departamento municipal de servizos sociais comunitarios básicos comprobará, de acordo co contemplado na





## Concello do Porriño

apartado 2º destas bases, o cumprimento dos requisitos da primeira candidatura que se atope inscrita no rexistro de persoas potencialmente arrendatarias e emitirán un informe-proposta onde se recollerá:

- a. Persoa ou persoas candidatas, por orde de inscrición, rexeitadas, de ser o caso e as causas de rexeitamento.
  - b. Proposta de resolución que recollerá a persoa arrendadora seleccionada. De ser o caso, motivación suficiente da causa de emerxencia social que aconsella ter en conta a excepcionalidade desta vía.
3. A vivenda será adxudicada por resolución da Alcaldía e comunicada á persoa interesada para a súa aceptación ou rexeitamento, no prazo máximo de 5 días hábiles.

### **11.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO**

1. Unha vez aceptada a adxudicación procederase á formalización do contrato de arrendamento, en modelo normalizado, e con arranxo á normativa de referencia nesta materia (actualmente Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos).
2. O contrato de arrendamento será comunicado ao IGVS o mesmo día que se formalice, nos termos contemplados na Resolución de 12 de febreiro de 2024 ou norma que a substitúa.
3. Serán condicións básicas do contrato de arrendamento e que deberán figurar por escrito:
  - a. A vivenda deberá destinarse a domicilio habitual e permanente da persoa arrendataria e a súa unidade de convivencia, durante a vixencia do contrato.
  - b. Non pode existir relacións de parentesco entre a unidade de convivencia arrendataria e a persoa arrendadora por consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo grado. Esta prohibición amplíase tamén á mesma relación cando a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera dos seus socios/as partícipes.
  - c. A parte arrendataria non poderá subarrendar a vivenda, total ou parcialmente.
  - d. A duración do contrato non poderá superar a data fixada como límite da duración do Programa de Vivendas Baleiras do concello de O Porriño.
  - e. A contía do arrendamento non pode superar o límite e as condicións determinadas pola normativa de referencia e as presentes bases.
4. No intre da formalización do contrato, a parte arrendataria aboará a primeira mensualidade por adiantado e fará entrega da fianza en contía equivalente a unha mensualidade da renda, que será depositada nese mesmo día pola parte arrendadora no IGVS, entregando unha copia do resguardo para o seu arquivo e comunicación.

### **12.- OBRIGAS DO CONCELLO DE O PORRIÑO**

1. Informar tanto ás persoas arrendadoras como ás inquilinas sobre o Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro en concellos, así como colaborar nas accións de información do IGVS sobre as axudas públicas dispoñibles para o arrendamento.
2. Levar un rexistro das vivendas que se oferten dentro do termo municipal a través do Programa.
3. Levar un rexistro das persoas demandantes de vivendas no termo municipal que cumpran os requisitos para incorporarse ao Programa.
4. Revisar o estado das vivendas antes da incorporación ao Programa, e, no seu caso, propoñer ás persoas arrendadoras os acondicionamentos que consideren necesarios.
5. Dar de alta na plataforma do Programa as vivendas incorporadas, comprobando o cumprimento dos requisitos exixidos, así como dalas de baixa no intre en que teñan coñecemento delo.
6. Propoñer ás persoas arrendadoras, así como ás persoas inscritas no rexistro de persoas potenciais arrendatarias, a sinatura dos contratos de alugueiro para as vivendas dispoñibles.





Concello do Porriño

7. Comunicar ao IGVS, a través da plataforma do programa, a sinatura dos contratos de alugueiro o mesmo día que se formalicen, nos termos da normativa de referencia. Como mínimo, deberá xuntarse a seguinte documentación:
  - a. Contrato asinado, coa referencia catastral.
  - b. Número de credencial do rexistro de demandantes.
  - c. Inventario completo do estado da vivenda.
  - d. Fotografías do estado da vivenda.
  - e. Sinatura da cesión de datos por parte da persoa arrendataria, co obxecto de permitir a contratación dos seguros da vivenda.
8. Comunicar ao IGVS, tamén a través da plataforma, as baixas dos contratos o mesmo día en que se teña constancia.
9. Comunicar ao IGVS, a través da canle establecida, o depósito da fianza do contrato de alugueiro.
10. Cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal con respecto das persoas interesadas.
11. Confirmar coa persoa arrendadora a recepción das pólizas de seguro e trasladar dita resposta ao IGVS.
12. Informar ás persoas arrendadoras e arrendatarias a comunicación obrigatoria daquelas incidencias que puideran afectar ao mantemento dos contratos da vivenda, de acordo co establecido na normativa de referencia.
13. Realizar os informes e visitas que, no seu caso, requira o IGVS na xestión do programa.
14. Facilitar a información e a documentación que lle requira o IGVS e someterse ás inspeccións que realice o seu persoal.
15. Realizar as actividades de formación sobre a implementación e funcionamento do Programa de mobilización de vivendas para o alugueiro en concellos que desenvolva o IGVS.







<b>PROCEDEMENTO</b>	<b>DOCUMENTO</b>
<b>INSCRICIÓN NO REXISTRO DE DEMANDANTE DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS</b>	<b>ANEXO I</b>

### DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF / NIE
ENDEREZO	Nº DE MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	EMAIL

### CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA DEMANDADA EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO

Nº de dormitorios:	<input type="text"/>		
Amoblado:	<input type="checkbox"/> SÍ	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> Indistinto
Ascensor:	<input type="checkbox"/> SÍ	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> Indistinto
Rocho:	<input type="checkbox"/> SÍ	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> Indistinto
Garaxe:	<input type="checkbox"/> SÍ	<input type="checkbox"/> NON	<input type="checkbox"/> Indistinto
Outros	_____		

#### DECLARO QUE:

- 1.- Ningunha membro da unidade de convivencia temos unha vivenda en propiedade, ou en caso de tela non se dispón do seu uso e disfrute, nin do usufructo doutra vivenda en todo o territorio nacional.
- 2.- Todos os datos e informacións aportadas son certas.

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Acreditación dos ingresos netos correspondentes a cada unha das persoas membros da unidade de convivencia durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude.
- DNI / NIE de todas as persoas membros da unidade de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non dispoñan deste documento, libro de familia ou documentación que o substitúa.
- Credencial do Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.
- Volante de convivencia.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura





**ANEXO II. INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS**

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

*(Datos da persoa representante legal)*

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

<b>DATOS DA VIVENDA</b>		
ENDEREZO (praza, rúa, nº, andar e letra)	CÓDIGO POSTAL	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
REFERENCIA CATASTRAL	TIPO DE VIVENDA	
	<input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> PROTEXIDA (neste caso cubrir os seguintes cadros)	
	Data da cualificación:	Nº Expediente:

<b>A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>
Que todos os datos contidos nesta solicitude, nos seus anexos e nos documentos que se achegan son certos.
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE:</b>
Bases reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de O Porriño, aprobadas por Decreto de alcaldía nº de data .





## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- DNI/NIE da persoa titular da vivenda, ou quen dispoña dun dereito xurídico para efectuar o contrato de arrendamento.
- Relación de titulares da vivenda e declaración responsable (modelo de documento 1)
- Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas, expedida polo Rexistro da Propiedade.
- Último recibo do Imposto Inmobles (IBI da vivenda e, no seu caso, do garaxe obxecto de arrendamento, ou certificado da referencia catastral, no seu defecto, referencia catastral do inmovible ao que pertenza a vivenda e a solicitude de declaración catastral xunto coa documentación que permita a identificación da vivenda.
  
- Descrición das características da vivenda e inventario de electrodomésticos e, no seu caso, mobles de que dispoña a vivenda (modelo documento 2).
  
- Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz e/ou gas.
- Declaración responsable relativa, (documento 3):

1.- Non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou á súa titularidade.

2.- A vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e carece de limitacións por razón de legalidade urbanística.

3.- A vivenda está desocupada e susceptible de uso.

4.- Estar ao día no pagamento dos subministrados da vivenda: auga, luz, gas...

5.- Se compromete a poñer a vivenda a disposición do Concello de O Porriño, de acordo ao disposto na base 6ª das Bases do Programa de Vivendas Baleiras, e a aceptar as demais condicións e servizos previstos no Programa.

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento (UE) 679/2016 e pola Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase dos seguintes aspectos:

**Responsable do tratamento:** Concello de O Porriño.

**Finalidade do tratamento:** Tramitación da solicitude que se deduce do presente formulario.

**Lexitimación:** Apartados c) e e) do artigo 6.1 do Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como cumprimento dos requisitos e esixencias establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedimemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións legais de aplicación.

**Dereitos:** O titular dos datos ten dereito a acceder, rectificar ou cancelar os mesmos nos termos previstos na normativa aplicable, así como outros dereitos que se explican na información adicional.

**INFORMACIÓN ADICIONAL:** Pode consultar a información adicional detallada sobre protección de datos en relación con esta solicitude na sede electrónica do Concello de O Porriño no seguinte enlace <https://oporriño.sedelectronica.gal/privacy.2>

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e  
data , de de

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PORRIÑO (Servizos Sociais)





Concello do Porriño

<b>PROCEDEMENTO</b>		<b>INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS</b>	
<b>DOCUMENTO 1</b>	<b>RELACIÓN DE TITULARES DA VIVENDA-DECLARACIÓN</b>		

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE: APELIDOS E NOME / DENOMINACIÓN (agrupacións persoas físicas)	NIF	NATUREZA SOLICITANTE (1)
---	-----	--------------------------

(1) Especificar se se trata de persoas físicas, comunidades de bens, comunidade de propietarios, outros (concretar)

DATOS DA VIVENDA	Enderezo (praza, rúa, nº e andar e letra)	CODIGO POSTAL	LOCALIDADE/CONCELLO/PROVINCIA	REFERENCIA CATASTRAL
------------------	---	---------------	-------------------------------	----------------------

### RELACIÓN DE TODAS AS PERSOAS TITULARES DA VIVENDA DE REFERENCIA

APELIDOS E NOME	DNI	TÍTULO (2)	% DE PARTICIPACIÓN (3)	SINATURA

(2) Propietario, nun propietario ou usufrutuário.

(3) % de cada un na titularidade da vivenda.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE:** As persoas titulares da vivenda de referencia estamos conformes coa presentación da solicitude de incorporación da vivenda ao Programa de Vivendas Baleiras. A persoa que vai a actuar na nosa representación en todos os actos e xestións que se precisen ao abeiro do Programa de Vivendas Baleiras é Don/a \_\_\_\_\_  
DNI/NIF \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

(Sinatura do solicitante ou representant



Cod. Validación: 92766XZAKTGJRGD JHSSNOCYWR  
Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde un dispositivo certificado oficialmente | Páxina 12 a 14



Concello do Porriño

**INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS**  
**DOCUMENTO 2 CARACTERÍSTICAS E INVENTARIO DA VIVENDA**

**DATOS DA VIVENDA**

ENDEREZO (praza, rúa, nº e andar e letra)		CODIGO POSTAL	
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA	
REFERENCIA CATASTRAL	TIPO DE VIVENDA (1)	<input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> PROTEXIDA	
VIVENDA:	Data de cualificación:	Nº Expediente:	
GARAXE:			

(1) En caso de tratarse dunha vivenda protexida, deberá indicarse a data de cualificación e o número de expediente

**DATOS REXISTRAIS** (vivenda (\*) e garaxe (\*\*), no seu caso)

REXISTRO DA PROPIEDAD DE (CONCELLO) *	TOMO (*)	LIBRO (*)	SECCION (*)	FOLIO (*)	FINCA NUMERO (*)
REXISTRO DA PROPIEDAD DE (CONCELLO) **	TOMO (**)	LIBRO (**)	SECCION (**)	FOLIO (**)	FINCA NUMERO (**)
ANO DE CONSTRUCCIÓN DA VIVENDA: _____					

**CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA**

Número de habitación: _____	Número de aseos / baños: _____	
Cociña: descrición electrodomésticos e mobiliario		
Instalacións individuais de subministros (2):		
Auga: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Luz: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Gas: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON
ANEXOS (2):		
Garaxe: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Rocho/s: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	
SUPERFICIE ÚTIL m2		
Vivenda: _____ m2	Garaxe: _____ m2	Rocho/s: _____ m2
Sen mobles: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Ascensor: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	
Semiamoblada: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	Calefacción: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	
Amoblada: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON		
OUTRAS CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA		

(2) Indíquese cun X o que proceda

**INVENTARIO DE MOBLES**

DESCRIPCIÓN DO MOBILIARIO:
----------------------------

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

(Sinatura do solicitante ou representante)





Concello do Porriño

<b>INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS</b>	
<b>DOCUMENTO 3</b>	<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b>

Don/a ....., con DNI/NIE  
número

e domicilio e.....,  
en

*(concello, provincia, rúa, nº,  
andar e letra)*

..... da vivenda sita no concello de

.....,  
*(propietario, usufrutuário, un propietario, apoderado, representante)*

con enderezo .....

*(praza/rúa, nº, andar e letra)*

DECLARO baixo a miña responsabilidade e en nome de todos os titulares da vivenda, QUE:

- 1.- Non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou a súa titularidade.
- 2.- A vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e carece de limitacións por razóns de legalidade urbanística.
- 3.- A vivenda está desocupada e susceptible de uso.
- 4.- Estar ao día no pagamento dos subministros da vivenda.
- 5.- Se compromete a poñer a vivenda a disposición do Concello de O Porriño para ofertala en arrendamento polo período establecido no apartado 6.3 das bases reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de O Porriño, e a aceptar o resto de condicións e servizos previstos nelas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

*(Sinatura do/a solicitante ou representante)*

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 98633057

